

PROGRAMACIÓN DE INGLÉS

QUINTO DE PRIMARIA

Carlos Lombao Gómez

CEIP Plurilingüe Virxe do Portal

Curso académico 2021-22

ÍNDICE

| | |
|---|-----------|
| 1. ANÁLISE DO CONTEXTO | 3 |
| 2. COMPETENCIAS BÁSICAS | 3 |
| 3. OBXECTIVOS | 6 |
| 4. CONTIDOS | 7 |
| 5. AVALIACIÓN | 10 |
| 5.1. Procedementos de avaliación | 11 |
| 6. RECURSOS DE AVALIACIÓN | 13 |
| 6.1. Mínimos esixibles | 25 |
| 6.2. Criterios de cualificación | 25 |
| 7. METODOLOXÍA | 27 |
| 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS | 32 |
| 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 33 |
| 9.1. A diversidade da aula | 33 |
| 9.2. Alumnos con necesidades específicas de apoio educativo | 34 |
| 10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES | 35 |
| 11. RELACIÓN DA PROGRAMACIÓN COS DIFERENTES PROXECTOS DO CENTRO: | 35 |
| 12. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN | 35 |

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEIP Plurilingüe Virxe do Portal atópase no concello de Sobrado dos Monxes, conta este curso escolar con 2 unidades de Educación Infantil e 3 unidades de Educación Primaria, tratándose de grupos mixtos, cun total de 44 alumnos/as matriculados no centro.

Durante o presente curso escolar participaremos en todas aquelas actividades promovidas polo centro nas que se requira a nosa cooperación (celebracións, biblioteca, saídas, participación en concursos de debuxo etc...).

Ademais, ó tratarse de un centro plurilingüe, a materia de plástica dos cursos de Educación Primaria ensínase en inglés.

2. COMPETENCIAS BÁSICAS

Di o novo decreto sobre as competencias clave en liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente; "neste decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que «as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego».

Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas innovadoras. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como «un saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade

Programación didáctica 5º de primaria educativa, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso".

As competencias clave que promulga a lei de educación LOMCE son:

- a) *Competencia en comunicación lingüística (CCL)*: Coñeceremos o modo no que se articulan os códigos de comunicación e así poderemos adquirir as pautas para a súa interpretación. Traballaremos as claves para integrar mensaxes visuais de forma expresa e implícita.
- b) *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMTC)*: O espazo que nos rodea está regulado por unhas normas que marcan o modo de desenvolverse nel. A área de plástica axuda aos alumnos a construír o concepto mental do entorno a súa representación.
- c) *Competencia dixital (CD)*: En todos os campos do saber encontramos información gráfica susceptible de ser rexistrada, tratada e presentada. As ferramentas da infografía do campo artístico permiten desenvolver todas estas tarefas satisfactoriamente. As tecnoloxías da imaxe nos facilitan o acceso aos mundos de creatividade e representación infinitos. Marcaremos as pautas para que os alumnos desenvolvan o pensamento crítico que os guíe na interpretación do resto das áreas
- d) *Competencia para aprender a aprender (CAA)*: O alumno debe integrar na súa aprendizaxe tanto principios de metodoloxía sistemática, como diferentes tipos de exercicios nos que primará a creatividade. Nesta área, ao ser tan amplo o espazo dos seus contidos, tan variadas as materias e tan diversa a tecnoloxía empregada para o seu desenvolvemento, a capacidade de integrar e alternar saberes se entrena de forma especial.
- e) *Competencia sociais e cívicas (CSC)*: O alumno de hoxe é un cidadán do mundo. O seu mundo existe máis aló das paredes da aula e do seu propio fogar. Na clase de plástica nos movemos polo mundo para ver arte e este ven a vernos.

- f) *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*: Na sociedade na que vivimos necesitamos educar ao noso alumnado a ser independentes e autónomos na ideas, e a ser emprendedores para enfrontarse á sociedade que nos rodea.
- g) *Conciencia e expresión artística (CEA)*: Os contidos abordados en educación plástica e visual intentan sentar as bases teóricas que axudan a construír o coñecemento sobre a arte e a súa transcendencia tanto social como cultural. A nosa área contribúe ao desenvolvemento dos modos de creación de imaxes estéticas en calquera campo de actividade.

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseado no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A linguaxe é o principal vehículo do pensamento humano, a ferramenta máis potente para a interpretación e representación da realidade e o instrumento de aprendizaxe por excelencia, por iso é polo que a área, na medida que contribúe á mellora da capacidade comunicativa xeneral, faio tamén á competencia de aprender a aprender. No entorno, a súa maior contribución radica en que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias fanos máis eficaces. Esa é a razón da introdución no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a propia aprendizaxe. á súa vez as decisións que provoca esta reflexión favorecen a autonomía e, neste sentido, pódese afirmar que a lingua estranxeira contribúe tamén ao desenvolvemento de autonomía e iniciativa persoal.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa competencia dixital. As tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen a posibilidade de comunicarse en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizándoa. E, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación.

Esta área contribúe en boa medida ao desenvolvemento da competencia social e cívica. As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e

Programación didáctica 5º de primaria
transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma. Esta aprendizaxe, ben orientado desde a escola, debe traducirse tanto na capacidade como no interese por coñecer outras culturas e por relacionarse con outras persoas, falantes ou aprendices desa lingua. Ao mesmo tempo, o coñecemento doutra lingua e de trazos culturais diferentes aos propios contribúe á mellor comprensión e valoración da propia lingua e cultura e favorece o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

Por último, e aínda que en menor medida, esta área colabora no desenvolvemento da competencia de conciencia e expresión artística se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural.

3. OBXECTIVOS

O currículo básico establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así coma o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así coma actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución práctica de conflitos, que lles permitan manexarse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así coma nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e empregar de maneira axeitada a lingua castelá e, se a houbera, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura.

- f) Adquirir en, ó menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñece-los aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura.
- i) Iniciarse no emprego, para a aprendizaxe das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Empregar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, acepta-lo propio corpo e o dos demais, respectar as diferencias e emprega-la educación física e o deporte como medios para favorece-lo desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais mais próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolve-las súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así coma unha actitude contraria á violencia, ós prexuizos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas.
- n) Fomenta-la educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

4. CONTIDOS

Os contidos que conforman esta materia e este curso, agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Estes catro bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

- a) Estratexias de comprensión de textos orais.
- b) Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.
- c) Funcións comunicativas:
 - ↻ Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
 - ↻ Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
 - ↻ Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
 - ↻ Narración de feitos pasados remotos e recentes.
 - ↻ Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
 - ↻ Establecemento e mantemento da comunicación.
- d) Estruturas sintáctico-discursivas.
- e) Léxico oral de alta frecuencia (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e ambiente; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións, tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo, compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e eido natural; e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- f) Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

- a) Estratexias de produción de textos orais:
 - ↻ Planificación, execución e control mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos e paratextuais.
- b) Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.
- c) Funcións comunicativas:
 - ↻ Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.

- ↻ Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
 - ↻ Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
 - ↻ Narración de feitos pasados remotos e recentes.
 - ↻ Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
 - ↻ Establecemento e mantemento da comunicación.
- d) Estruturas sintáctico discursivas.
- e) Léxico oral de alta frecuencia (producción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e ambiente; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións, tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo, compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e eido natural; e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- f) Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

Bloque 3. *Comprensión de textos escritos*

- a) Estratexias de comprensión de textos escritos:
- ↻ Mobilización de expectativas, identificación de claves e inferencias, comprobación e reformulación de hipóteses..
- b) Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.
- c) Funcións comunicativas:
- ↻ Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
 - ↻ Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
 - ↻ Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
 - ↻ Narración de feitos pasados remotos e recentes.
 - ↻ Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
 - ↻ Establecemento e mantemento da comunicación.
- d) Estruturas sintáctico-discursivas.

- e) Léxico escrito de alta frecuencia (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e ambiente; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións, tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo, compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e eido natural; e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- f) Padróns gráficos e convencións ortográficas.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

- a) Estratexias de produción de textos escritos:
 - ⇒ Planificación, execución e control mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos e paratextuais.
- b) Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.
- c) Funcións comunicativas.
- d) Estruturas sintáctico-discursivas.
- e) Léxico escrito de alta frecuencia (produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e ambiente; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións, tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo, compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e eido natural; e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- f) Padróns gráficos e convencións ortográficas.

5. AVALIACIÓN

A aprendizaxe do alumno debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para, e por el, introducir no proceso educativo cantas medidas sexan precisas se a situación o require (cando a aprendizaxe dos alumnos non responden para que, a priori, non se espera deles).

Se asumimos que as competencias básicas supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir

situacións máis reais posibles de aplicación, e nesas situacións o común é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

A *avaliación por competencias* permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias básicas. Algúns criterios son ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente á procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que perseguimos á avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da *avaliación sumativa*, realizada en diferentes momentos do curso e que temos que identificar cos finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando sexa o caso). Haberá outras avaliacións, como a *inicial* (non clasificada) e a *final* e, sobre todo, *continua* ou *formativa*, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, na carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

Se realizará ademais unha *avaliación individualizada* á todos os alumnos ao finalizar 3ª serie primaria para que o alumno deberá demostrar o grao de adquisición das competencias en comunicación lingüística e matemática. Ao final da 6ª serie primaria deberá tamén demostrar o grao de adquisición de competencias básicas, así como a realización dos obxectivos da etapa.

O resultado das avaliacións individualizadas se expresará en niveis e constarán nun informe entregado aos pais ou tutores e cuxo carácter será informativo e orientador. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe dos alumnos, polo que se no son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis apropiadas para eles.

Ademais de avaliar a aprendizaxe dos alumnos, tamén se avalía o proceso de ensino dos profesores, polo que quedará incluído un procedemento de avaliación dos programas didácticos e seus indicadores na proposta pedagóxica de cada centro escolar.

5.1. Procedementos de avaliación

Atendendo á diferentes criterios, o currículo nos propón unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso de avaliación *formativa*, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración todas as producións para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión en la expresión e auto-avaliación entre outros. E a *avaliación sumativa*, as probas escritas trimestrais e as de recuperación (e final de curso, se o alumno non tivera recuperado algunha, e extraordinaria, no caso de obter unha cualificación insuficiente na ordinaria final de

Programación didáctica 5º de primaria curso). En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

O currículo tamén establece uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe avaliábeis por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso. En respecto á avaliación por competencias, dado que estes son moi xenéricos, debemos concentrarnos moi máis, as compartir para facer con que nos sirvan como referencia para a acción educativa e para demostrar a competencia do alumno, e é o que chamamos de indicadores. Para a súa referencia, se inclúe na seguinte sección a lista completa tanto dos criterios da avaliación como os indicadores de competencias básicas.

6. RECURSOS DE AVALIACIÓN

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

| Criterio de avaliación | Estándares | Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro | T1 | T2 | T3 | Criterios para a cualificación Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)* | CC |
|--|--|--|----|----|----|---|-----|
| Bloque 1: Comprensión de textos orais | | | | | | | |
| PLE- B1.1 | 5º-PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. Peso: 2.13% | Comprende o máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade e ao seu interese. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea. Producións orais. | CCL |
| PLE- B1.2 | 5º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital. | Comprende e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual para axudarlle na comprensión | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: . Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|--|---|---|---|---|------------------|
| | Peso: 2.13% | | | | | | |
| PLE- B1.2 | 5º-PLEB1.3 - Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. Peso: 2.13% | Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> | CCL CD CAA |
| PLE- B1.3 | 5º-PLEB1.4 - escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. Peso: 2.13% | Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> | CCL CSC |
| PLE-B1.3 | 5º-PLEB1.5 - Amona interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. Peso: 2.13% | Amona interese e respecto polas intervencións orais alleas para mellor a súa pronuncia, entoación e acentuación. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: . Rexistro anecdótico (anecdótico).</p> | CCL CSC |
| Bloque 2: Producións de textos orais | | | | | | | |
| PLE-B2.1 | 5º-PLEB2.1 - Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese. | | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p> | CCL |

| | | | | | | | |
|----------|--|--|---|---|---|---|------------------|
| | Peso: 2.13% | | | | | | |
| PLE-B2.1 | 5º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais. Peso: 2.13% | Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Posta en común. Rexistro anecdótico (anecdótico). | CSC |
| PLE-B2.2 | 5º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta. Peso: 2.13% | Amosa unha actitude de escoita atenta. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CSC CCL |
| PLE-B2.2 | 5º-PLEB2.4 - Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia. Peso: 2.13% | Produce textos orais propios, sinxelos e breves | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CD CSC |
| PLE-B2.3 | 5º-PLEB2.5 - Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo. Peso: 2.13% | Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL |
| PLE-B2.3 | 5º-PLEB2.6 - Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as. Peso: 2.13% | Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|--|---|---|---|--|------------|
| PLE- B2.4 | 5º-PLEB2.7 - Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor. Peso: 2.13% | Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL |
| PLE-B2.4 | 5º-PLEB2.8 - Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. Peso: 2.13% | Utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CAA |
| Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | | | | | |
| PLE-B3.1 | 5º-PLEB3.1 - Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de previamente de forma oral. Peso: 2.13% | Comprende información básica escrita sobre temas traballados forma oral | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B3.1 | 5º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. Peso: 2.13% | Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, e acorde coa súa idade. | | | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado. Caderno de clase. | CCL CD |

| | | | | | | | |
|----------|---|---|--|--|---|---|---------------------|
| PLE-B3.2 | 5º-PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora Peso: 2.13% | Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL CAA |
| PLE-B3.2 | 5º-PLEB3.5 - Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas polas normas de funcionamento. Peso: 2.13% | Selecciona lecturas da biblioteca e mostra intereses e respectando normas de funcionamento. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CSIEE |
| PLE-B3.3 | 5º-PLEB3.6 - Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas. Peso: 2.13% | Formula hipóteses sinxelas a partir de imaxes. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CAA CSIEE |
| PLE-B3.3 | 5º-PLEB3.7 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación. Peso: 2.13% | Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CAA |
| PLE-B3.4 | 5º-PLEB3.8 - Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. Peso: 2.13% | Aмосa interese polos textos escritos | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CSIEE |

| | | | | | | | |
|--|--|---|---|---|---|--|-----|
| PLE-B3.4 | 5º-PLEB3.9 - Aмосa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. Peso: 2.13% | Aмосa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| Bloque 4: Producción de textos escritos | | | | | | | |
| PLE-B4.1 | 5º-PLEB4.1 - Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. Peso: 2.13% | Elabora textos sinxelos traballados previamente de forma oral. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B4.1 | 5º-PLEB4.2 - Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. Peso: 2.13% | Escribe diálogos simples, a partir de modelos. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B4.2 | 5º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas, avisos). Peso: 2.13% | Escribe textos sinxelos, con léxico coñecido | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |

| | | | | | | | |
|----------|---|---|---|---|---|--|------------------|
| PLE-B4.2 | 5º-PLEB4.4 - Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. Peso: 2.13% | Interésase polo uso das TICs para producir textos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdentario). | CCL CD CSC |
| PLE-B4.7 | 5º-PLEB4.6 - Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións) Peso: 2.13% | Produce mensaxes escritas breves usando palabras básicas do vocabulario estudado. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CAA CSIEE |
| PLE-B4.7 | 5º-PLEB4.7 - Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ?). Peso: 2.13% | Produce textos moi breves seguindo un modelo. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL CAA |
| PLE-B4.8 | 5º-PLEB4.8 - Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos. | Uso de material de consulta para a elaboración de textos. | X | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. | CCL CAA |

| | | | | | | | |
|---|--|---|---|---|---|---|-------------------|
| | Peso: 2.13% | | | | | INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | |
| PLE-B4.8 | 5º-PLEB4.9 - Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. Peso: 2.13% | Presenta textos claros e limpos ortograficamente | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta. | CCL |
| PLE-B4.8 | 5º-PLEB4.10 - Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. Peso: 2.13% | Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta sempre que siga un modelo | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL |
| Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural | | | | | | | |
| PLE-B5.1 | 5º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. Peso: 2.13% | Identifica aspectos básicos diferenciadores dos países de fala inglesa. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Asemblea. Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CAA CSC |
| PLE-B5.2 | 5º-PLEB5.2 - Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ó traballo en grupo Peso: 2.13% | Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectiva e respecta as ideas dos demais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CAA |

| | | | | | | | |
|----------|---|---|---|---|---|--|-------------------|
| PLE-B5.2 | 5º-PLEB5.2 - Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. Peso: 2.13% | Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CSC |
| PLE-B5.3 | 5º-PLEB5.3 - Inicia e remata as interaccións adecuadamente. Peso: 2.13% | Inicia e remata as interaccións adecuadamente. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CAA CSC |
| PLE-B5.4 | 5º-PLEB5.4 - Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos. Peso: 2.13% | Pregunta e responde de xeito comprensible. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CAA CSC |
| PLE-B5.5 | 5º-PLEB5.5 - Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación. Peso: 2.13% | Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | CCL CAA |
| PLE-B5.6 | 5º-PLEB5.6 - Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer Peso: 2.13% | Expresa actividades variadas de rutina, lecer | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | CCL |
| PLE-B5.7 | 5º-PLEB5.7 - Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara | Describe escenas sinxelas e compara ilustracións facendo diferenzas, | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CCL CAA |

| | | | | | | | |
|-----------|---|---|--|---|---|---|------------|
| | dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras. Peso: 2.13% | | | | | INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | |
| PLE-B5.8 | 5º-PLEB5.8 - Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións de si mesmo/a e doutra persoa. Peso: 2.13% | Fai descrições con máis detalles. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das produções dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL CAA |
| PLE-B5.9 | 5º-PLEB5.9 - Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula. Peso: 2.13% | Expresa indicacións para chegar a un lugar. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das produções dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL CAA |
| PLE-B5.10 | 5º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. Peso: 2.13% | Diferenza preguntas, respostas e enunciados que aportan información | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das produções dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B5.11 | 5º-PLEB5.11 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos. Peso: 2.13% | Estrutura adecuadamente as oracións. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das produções dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL |

| | | | | | | | |
|-----------|--|---|---|---|---|--|------------|
| PLE-B5.12 | 5º-PLEB5.12 - Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula. Peso: 2.13% | Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para usar dentro e fóra da aula. | | | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | CCL CAA |
| PLE-B5.14 | 5º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fora da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. Peso: 2.13% | Comprende o vocabulario necesario para participar en conversas, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL CAA |
| PLE-B5.15 | 5º-PLEB5.15 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. Peso: 2.13% | Compara aspectos lingüísticos das linguas que coñece. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CAA |
| PLE-B5.13 | 5º-PLEB5.16 - Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima. Peso: 2.13% | Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CSC |

| | | | | | | | |
|-----------|---|--|---|---|---|--|------------|
| PLE-B5.17 | 5º-PLEB5.17 - Valorara as linguas como instrumento de comunicación, para aprender a acercarse a outras culturas. Peso: 2.13% | Valorara as linguas como instrumento de comunicación, para aprender a acercarse a outras culturas. | X | X | X | PROCEDIMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CCL CSC |
|-----------|---|--|---|---|---|--|------------|

6.1. Mínimos esixibles

Os alumnos serán capaces ao rematar o quinto nivel de:

- B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.
- B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).
- B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.
- B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.

6.2. Criterios de cualificación

O curso escolar estará dividido en tres trimestres diferenciados. Ao final de cada trimestre se lles entregará ás familias un boletín informativo que atendendo ao disposto na *Orde do 9 de xuño de 2016* de avaliación de educación primaria, terán que reflectir en notas numéricas os resultados obtidos polos alumnos. Para obter dita nota na materia de Inglés ponderaremos as notas acadadas nos controles feitos ao acabar unha unidade didáctica, e o traballo diario (así valoraremos o interese mostrado no traballo diario, a produción oral no idioma, participación nas actividades propostas, vontade de traballar e presentación e limpeza nos traballos realizados, ademais de como coida o material propio, o da aula e o do centro). Neste curso ademais terá un peso cuantitativo un

traballo escrito por unidade, que se lles esixirá aos alumnos sobre temas coñecidos e traballados na clase.

En cada avaliación realizarase unha proba por cada unidade, excepto na unidade Starter e unidade un que serán avaliadas en conxunto.

- Probas escritas: 60%.
- Producións escritas (caderno, libro de actividades e traballos escritos): 20%.
- Participación e actitude (que será avaliada semanalmente por medio da seguinte rúbrica): 20%.

| PARTICIPACIÓN | COMPORTAMENTO | ATENCIÓN | TRABALLO CLASE/CASA |
|--|--|--|--|
| 5 ptos: participa activamente sempre ou case sempre que se lle pregunta algo. Fai incisivos apropiados sen intervención do profesor. | 5 ptos: amosa sempre un comportamento axeitado e case nunca causa problemas ou distrae a compañeiros. Respecta sempre as normas de clase. | 5 ptos: sempre presta atención durante a clase e amosa unha moi boa actitude cara o aprendizaxe. escoita activamente e distráese moi pouco. | 5 ptos: completa sempre as tarefas e actividades diarias con corrección e adecuación, no tempo establecido. Realiza sempre ou case sempre as tarefas na casa. |
| 4 ptos: participa activamente de xeito habitual. Non adoita intervir de motu propio sen preguntarlle. | 4 ptos: o comportamento habitual é apropiado e amosa poucas desviacións, que ocorren de forma moi ocasional. Distrae poucas veces e respecta habitualmente as normas de clase. | 4 ptos: a atención é constante durante a maior parte das clases e a súa actitude cara o aprendizaxe é boa. Distráese algo pero fai esforzo por escoitar. | 4 ptos: completa as tarefas e actividades a maioría das clases con corrección e adecuación, aínda que algunhas veces se retrasa. Realiza as tarefas na casa normalmente, con algún olvido ocasional. |
| 3 ptos: participa bastantes veces pero non habitualmente. Case nunca fai incisivos de motu propio. | 3 ptos: o comportamento adoita ser axeitado pero amosa bastantes desviacións. Distrae algunhas veces e respecta as normas algunhas veces. | 3 ptos: presta atención unha parte das clases e distráese bastante. A súa actitude cara o aprendizaxe é mellorable. | 3 ptos: completa as tarefas e actividades bastantes veces con corrección e adecuación mellorables. Adoita tardar en rematalas. Fai as tarefas na casa só algunhas veces. |
| 2 ptos: participa só de xeito ocasional. Nunca | 2 ptos: non se comporta ben a maior parte do | 2 ptos: a súa atención só é ocasional ou cando está | 2 ptos: completa as tarefas e actividades poucas veces e amosa |

| | | | |
|--|--|--|--|
| fai incisos por iniciativa propia. | tempo. Ocasiona moitas distraccións para os compañeiros e case nunca respecta as normas. | motivado/a. A moso unha actitude cara o aprendizaxe regular. | unha corrección e adecuación limitadas. Non se esforza para terminalas a tempo e poucas veces realiza as tarefas na casa. |
| 1 pto: só participa se se lle require individualmente de xeito específico. | 1 pto: case nunca amosa un bo comportamento e amosa moitas condutas disruptivas. Só respecta ocasionalmente algunha norma. | 1 pto: non presta atención nunca ou case nunca e non amosa ningunha motivación intrínseca. A actitude cara o aprendizaxe é mala. | 1 pto: case nunca completa as tarefas e actividades. Non amosa un mínimo interese para realizalas. Nunca realiza as tarefas na casa. |

Posto que esta rúbrica ten unha escala de 1-5 puntos, multiplicarase por 2 a cualificación alcanzada para que estea sobre 10 puntos. Ademais, para o redondeo da nota final, terase en conta a diferenza existente entre a nota final e a nota media das probas escritas:

- Se a diferenza é maior a 1 punto, realizarase un truncamento pola unidade, é dicir, non se terán en conta as cifras decimais.
- Se a diferenza é igual ou menor a 1 punto, poderanse ter en conta as cifras decimais para un posible redondeo considerando parámetros como a evolución do alumno/a e o esforzo demostrado para superar a materia, entre outros.
- Se a diferenza é un resultado negativo (nota media das probas maior que a final), aumentarase a nota final ata a seguinte unidade.

7. METODOLOXÍA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir todos os aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias básicas.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no Class Book. Están explicadas na Teacher's Guide e poden ser de grande utilidade para o quefacer diario do mestre.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrír as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe; no noso proxecto existe un Caderno de Avaliación con follas de avaliación que se pode fotocopiar para cada unidade o que permite ao profesor anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno. Tal e como está concibido, o profesor pode adaptalo doadamente ás súas necesidades específicas.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. O noso proxecto toma en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirllle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia

institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

A incorporación das competencias básicas no currículo da educación primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos e poder usalos e aplicalos a situacións e contextos variados. Consecuentemente, a práctica educativa debe:

- ↻ Salientar as aprendizaxes básicas e seleccionar os contidos máis relevantes para acadar as competencias.
- ↻ Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- ↻ Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación.
- ↻ Procurar que o alumnado aprenda a aprender.
- ↻ Favorecer o traballo cooperativo.
- ↻ Fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información.

Na área de lingua estranxeira a metodoloxía estará baseada na consecución dos seguintes principios metodolóxicos:

- ↻ Coñecer o nivel de desenvolvemento psicolóxico dos nosos alumnos para partir del.
- ↻ Favorecer a creación de procesos de aprendizaxe significativas.
- ↻ Promover o desenvolvemento da actividade mental dos nosos alumnos.
- ↻ Desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

Estes principios alcanzaranse a través da adquisición das catro destrezas básicas: comprensión oral (listening), expresión oral (speaking), comprensión escrita (reading) e expresión escrita (writing).

A *comprensión oral* ten un especial protagonismo no ensino dunha lingua estranxeira. No 3º ciclo en que nos atopamos imos prestarlle especial importancia á comprensión específica de textos orais e á comprensión específica de datos sinxelos en situacións contextualizadas e próximas ás vivencias e intereses do alumno. Este demostrará a súa comprensión da lingua a través de respostas lingüísticas e non lingüísticas como son realizar ditados, debuxar, colorear, realizar certos movementos e xestos, etc. As tarefas iranse facendo máis complexas adaptándonos ó nivel lingüístico e ó desenvolvemento intelectual dos nosos alumnos.

A expresión oral. O alumno comeza a utilizar de maneira espontánea unha serie de estratexias verbais e non verbais que lle permiten entender e facerse entender. Superada xa a fase de silencio, na que a actividade consiste en interiorizar a lingua que o, empezará a emitir mensaxes nas que haberá unha serie de erros que nos mostrarán o nivel de desenvolvemento lingüístico do alumno e a fase de desenvolvemento en que se atopa.

Os alumnos empezarán repetindo unha serie de frases feitas e repetitivas que serán exemplos, en moitos casos, de expoñentes de funcións presentados a través das actividades ou polo propio profesor na súa interacción cos alumnos. Estes exemplos, moi útiles para establecer unha primeira comunicación, non determinarán o grao de interiorización da lingua conseguido polo alumno. Por todo iso, promovemos actividades que poñan en contacto o neno coa pronuncia, co ritmo e coa entoación da lingua inglesa, ademais de darlle a posibilidade de expresarse con espontaneidade nun clima agradable dentro da aula. Ademais valoraremos moi positivamente os logros conseguidos polos nenos neste terreo, aínda que estes logros teñan imperfeccións gramaticais.

A comprensión escrita. O alumno terá múltiples oportunidades de ler palabras illadas e frases sinxelas co obxectivo de ampliar o seu vocabulario e de adquirir máis coñecementos. Empezaremos coa lectura de palabras e frases xa traballadas e coñecidas polo neno a nivel oral, de maneira que poidamos evitar pronuncias incorrectas. Os textos proveñen de fontes auténticas e tradicionais nalgúns casos, coidadosamente seleccionados e adaptados á idade co fin de que esperten a súa motivación. Traballaremos tamén a comprensión global e específica dos textos escritos con actividades de maior grao de dificultade progresiva, e comprobaremos tal comprensión con tarefas de resposta lingüística e non lingüística, con dificultade crecente. Axudaremos á comprensión con apoio visual e xestual.

A expresión escrita estará baseada na familiarización do alumno coa forma escrita de palabras e frases xa traballadas a nivel oral, incidindo na relación entre son e grafía. Aínda que a produción sexa limitada nestes niveis, establecemos ocasións para que os alumnos empecen a escribir textos de maneira autónoma.

7.1. Adaptación da metodoloxía para o ensino a distancia

Tal e como prevé o "Protocolo de adaptación ó contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022", as programacións didácticas deben conter unha metodoloxía específica no caso de que sexa necesario levar a cabo un ensino non presencial. O deseño

e implementación desta metodoloxía farase seguindo as pautas establecidas nos seguintes documentos de centro:

- Plan de adaptación á situación Covid no curso 2021-2022.
- Plan de continxencia.
- Plan de acollida.
- Plan de ensino virtual.

Neste eido, utilizarase a aula virtual do centro como un eixo sobre o que se vai vertebrar esta metodoloxía. O alumnado estará dividido en 2 grupos no caso de Educación Infantil e en 6 grupos no caso de Educación Primaria. En cada curso, o profesorado que imparta clase subirá distintos materiais e recursos cos que poder facer efectivo o dereito á educación. Tamén se utilizará a plataforma de videoconferencia Falemos para as clases virtuais.

No caso específico desta programación, os materiais terán un marcado compoñente lúdico co fin de promover un aprendizaxe máis significativo nesas circunstancias tan especiais. Algúns dos recursos que se proporcionarán son os seguintes: fichas interactivas, vídeos, cancións e xogos. Tamén se poderán propoñer pequenas tarefas ou proxectos.

Con respecto á comunicación coas familias, empregarase a aplicación abalarMóbil ou o correo electrónico.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Neste curso escolar contamos co programa de libros dixitais da xunta todas as horas de inglés desenvolveranse na aula dos alumnos nesta aula contaremos co equipamento abalar e cos nosos libros dixitais podendo usar ocasionalmente a aula de inglés para traballos orais e xogos .

Os/as alumnos/as os dividiremos en diferentes tipos de agrupamento segundo o tipo de actividade que realicemos. Realizamos actividades en *gran grupo* para presentacións, debates, explicacións...; actividades en *pequeno grupo* para valorar e respectar opinións; *actividades individuais* para interiorizar os contidos e detectar o nivel de aprendizaxe. As actividades orais cobran gran importancia no caso da lingua estranxeira polo que o mobiliario poderá variar na súa colocación para as diferentes actividades.

Non debemos de esquecer que debemos involucrar ás familias no proceso de ensino aprendizaxe e para elo podemos pedir a súa colaboración á hora de facilitar material relacionado coa unidade que eles nos poidan aportar e poder utilizar logo na aula.

Ademais utilizaremos outro tipo de materiais que podemos dividir en:

- ⇒ Material impreso como: libro de texto (Richmond Go), diccionarios, libros de lectura, revistas, xornais, fichas elaboradas por nós mesmas...
- ⇒ Material audiovisual como: reprodutor de DVD ou de Vídeo, radio CD...
- ⇒ Material informático como: ordenador, taboleiro dixital, cámara dixital, impresora....
- ⇒ Outros materiais como: mapas, materiais en inglés (na medida do posible orixinais), flashcards, pósters de vocabulario, etc.

9. ATENCION Á DIVERSIDADE

9.1. A diversidade da aula

A ensinanza debe estar en consonancia cos procesos de aprendizaxe do alumnado. Non todos os alumnos e alumnas aprenden da mesma forma nin coa mesma rapidez. Non todos teñen as mesmas habilidades, nin parten de mundos iguais, nin posúen os mesmos coñecementos previos, etc.

É necesario, polo tanto, prestarlle atención a esta diversidade se se pretende que todo o alumnado se vexa inmerso nun proceso de ensinanza-aprendizaxe adecuado ás súas características. Ninguén deberá sentir que non avanza todo o que pode, polo tanto, atenderase constantemente a estas diferenzas presentando as actividades de forma diversa, modificándoas ou mesmo facéndoas desaparecer e creando outras máis oportunas. O profesorado deberá ser consciente en todo momento desas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensinanza.

En quinto curso non contamos polo menos ao principio de curso con ningún alumno con reforzo educativo .

O noso proxecto ten en conta aqueles casos nos que o progreso dalgúns dos nosos alumnos non responda ós obxectivos que se programaron, así coma os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira.

Para emendar estas posibles situacións, no noso proxecto inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, coma de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. Estas actividades non aparecen no Class Book. Están explicadas na Guía Didáctica e poden ser de grande utilidade para o labor diario do profesor.

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade de alumnos/as que, como parte dela, integran e enriquecen a labor educativa. Esta aceptación da diversidade do

Programación didáctica 5º de primaria
alumnado, obxectivo clave da LOE, supón por parte dos mestres e mestras unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos/as aceptando que cada un deles ten os seus propio intereses, capacidades e necesidades.

Faise, polo tanto, necesario por parte dos educadores a adopción e utilización de estratexias efectivas que garantan atención á diversidade do aula. Estratexias tales como:

- ⇒ Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose aos ritmos indicados de cada alumno/a.
- ⇒ Adecuación da axuda pedagóxica, valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos de avaliación.
- ⇒ Axeitar a metodoloxía ás diferentes necesidades do momento.
- ⇒ Adecuación de cada unha das actividades ás diferencias individuais do alumnado do aula.

Realizaranse actividades que reforcen os aprendizaxes duns e actividades que amplíen as doutros. En cada unidade didáctica elaboraremos polo tanto *actividades de reforzo e actividades de ampliación* para atender a esta diversidade.

Esta programación deseñouse cun carácter aberto e flexible que nos permite cunha mesma actividade se realice de diferentes formas segundo as diferenzas individuais de cada neno.

9.2. Alumnos con necesidades específicas de apoio educativo

Se ben quedou claro que cada un dos alumnos que forman o grupo aula son susceptibles dunha ensinanza individualizada, e que presentarán, sen ningún lugar a dúbidas, características propias que deberemos ter en conta en cada momento, non todos os alumnos adquiren do mesmo xeito nin a mesma velocidade os contidos polo que, nos materiais curriculares desenvólvese un proceso continuo de reciclaxe e de revisión dos contidos.

O enfoque da lingua como algo cíclico e non lineal, permite que os alumnos incorporen o adquirido na súa memoria a longo prazo, e que aqueles nenos/as que non captaran algún contido porque o seu nivel de madureza non era o apropiado, ou poidan adquirir posteriormente cando se recicle noutro contexto. Desta forma se consegue unha revisión constante de contidos durante todo o ciclo.

Por outra parte os contidos básicos do proxecto repítense en contextos e situacións diferentes; isto permite que, sen perder nin a motivación nin o interese, se estean realizando tarefas diferentes ás propostas anteriormente, aínda que inclúan conceptos e procedementos xa traballados.

10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Desde o departamento de lingua estranxeira colaboraremos e participaremos en todas aquelas actividades e celebracións extraescolares promovidas polo centro que precisen a nosa colaboración. Ademais participaremos na elaboración do xornal do colexio que probablemente terá neste curso formato dixital se conta con sección de idiomas.

Realizaremos actividades específicas de inglés para celebrar festividades como: Halloween, Christmas, Valentine's day ou Easter.

No caso de xurdir calquera actividade de promoción do inglés estariamos abertos a comunicalo aos diferentes equipos para a súa posta en marcha.

11. RELACIÓN DA PROGRAMACIÓN COS DIFERENTES PROXECTOS DO CENTRO:

Dende a área de inglés colaboramos activamente cos diferentes proxectos do centro:

- ⇒ Plan TIC: Na aula de inglés utilizamos a diario a plataforma proporcionada pola editorial para o desenvolvemento normal da materia, así como videos, cancións ou actividades interactivas. Aínda así sempre que levemos a cabo un proxecto sobre algún tema proposto usaremos a aula de informática se o horario da mesma está dispoñible e, se non, esperamos dispoñer na aula de material en liña suficiente para traballar co taboleiro dixital.
- ⇒ Por último, en cuanto ao plan de CONVIVENCIA na clase de inglés promulgaremos o respecto polos compañeiros, as quendas de palabras, as ideas diferentes as propias e a culturas diferentes ás propias e colaboraremos na medida do posible en todas aquelas actividades que dispoña o equipo.

12. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Esta programación será obxecto de revisión con carácter sistemático para observar os posibles cambios que serían perceptivos durante o desenvolvemento da mesma.

De maneira trimestral revisaremos o grado de consecución dos obxectivos e a evolución da mesma.